



- ◆ DIRECCIÓN: Rúa Hispanidade, nº 86 CP: 36203 VIGO
- ◆ TELÉFONO : 886120840 E-MAIL: eei.vila.laura@edu.xunta.es
- ◆ Web : www.edu.xunta.es/centros/eeivilalaura/
- ◆ Blog: vilalaurainfantil.blogspot.com
- ◆ Correo ANPA: anpamagnoliavilalaura@gmail.com
- ◆ TELÉFONO DA ANPA: 616 008 784
- ◆ HORARIO LECTIVO: de 9:00h a 14:00h.

Dende a Dirección do centro e o Claustro de Profesores queremos darvos a **benvida** e animámosvos a unha participación e **colaboración activa** na nosa escola.

Para facilitar a incorporación dos vosos fillos/as e tendo en conta a importancia desta etapa educativa para o seu desenvolvemento compartimos convosco unhas **pautas de carácter xeral** que se complementarán con outros aspectos metodolóxicos e de organización que vos explicará cada titora.

Nestas idades os obxectivos irán destinados a acadar un crecemento armónico e integral, o descubrimento da contorna e o desenvolvemento da comunicación e representación da realidade.

DATAS IMPORTANTES

- O luns **2 de setembro** recibiredes a chamada da titora para concertar a entrevista individual, a que viredes acompañados polos vosos fillos e fillas.
- O **Periodo de Adaptación** para esta curso escolar comprende dende o **11 de setembro ata o 17 de setembro** ámbolos dous incluídos.
- O xoves, **5 de setembro** reunión na aula coa titora ás 10:00 horas.
- O comedor para o alumnado de 3 anos empeza o 1 de outubro.
- A recollida do alumnado que asista a actividades da ANPA ou comedor será pola porta Musical ou Moreira.

ENTRADAS E SAÍDAS

- Prégase puntualidade en ámbolos dous casos.
- O alumnado entrará e sairá pola porta do colexio que lle corresponda.
- Se unha nena ou neno chega tarde ao centro ou marcha antes da súa hora de saída, **sempre** será pola porta principal da escolar e deberá comunicarllo á titora ou titor polo ABALAR para a súa xustificación.
- Cada titora ou titor levará a cabo un rexistro de faltas de puntualidade e asistencia que no caso de no ser xustificadas debidamente, poñerá en coñecemento da dirección do centro que tomará as medidas oportunas.
- No caso de que a persoa que recolle habitualmente ao alumno ou alumna varíe, débese comunicar á titora ou titor, autorizando por escrito ou telefónicamente e indicando o nome e DNI da persoa que o vai recoller.

OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA

- O descanso nocturno é fundamental para unha boa adaptación á escola.
- É importante que vaian adquirindo pouco a pouco autonomía: vestir, aseo, baño e comer.
- A educación en rutinas a esta idade é fundamental xa que aporta seguridade aos cativos
- As comunicacións oficiais do centro coas familias realizaranse por **ABALAR** . É importante que vos descarguedes a aplicación unha vez que o neno/a está matriculado na escola.
- No caso de cambio de domicilio ou teléfono de contacto é necesario avisar á titora e na secretaría canto antes.
- No caso de pais /nais separados cómpre presentar documentación oficial que acredite custodia ou calquera outro documento relevante.
- Asemade das actividades extraescolares organizadas pola ANPA, o centro realiza actividades complementarias dentro e fora do recinto escolar. Para asistir ás saídas fora do recinto escolar, os pais ou titores legais deberán cubrir a autorización correspondente.